

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2018/2	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria
<b>Data</b>	2 de marzo de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 9:35 ata as 11:55 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos
<b>Presidida por</b>	Marcos Besada Pérez
<b>Secretario</b>	Noemí Sirera Diéguez

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
35566754Z	Carla M <sup>a</sup> Pérez Pérez	SÍ
32685426B	Elisa Marqués Parrilla	No
36061420L	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
76897695R	José Luís González Rodríguez	SÍ
35567092F	Marcos Besada Pérez	SÍ
35548188D	Miguel González González	SÍ
76908793J	Mirian González Rodríguez	SÍ
76909361Y	M <sup>a</sup> Dolores Castiñeira Alén	SÍ
76902797C	M <sup>a</sup> Teresa Pérez González	SÍ
34873897D	Primitivo González Rodríguez	SÍ
77006782E	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
35568513W	Verónica Tourón Domínguez	SÍ

35564737K	Ángela Ledo SOuto	SÍ
76897189R	Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre o asuntos incluído na seguinte

## ORDE DO DÍA

### 1.- Expediente 483/2018. Aprobación de Facturas. Aprobación recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1/2018

#### A) PARTE RESOLUTIVA

### 1.- Expediente 483/2018. Aprobación de Facturas. Aprobación recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1/2018

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Bos días a todos e a todas. Da comezo este Pleno Extraordinario con único asunto o expediente 483/2018 Aprobación extraxudicial de crédito N° 1/2018. Anuncio que este Pleno esta a ser gravado para que todos os presentes o saibades. Ten a palabra o Concelleiro.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Bos días. Este único punto da orde do día versa sobre a aprobación de REC 1/2018 é a segunda vez que o traemos a Pleno. Traémolo por segunda vez pola urxencia é necesidade que considera o goberno de que sexa aprobado, xa que a parte da demora e danos e prexuízos que se lle poidan causar aos provedores, está en risco una subvención de 89.818,30€ para sufragar os custos da axuda ao fogar da Lei da Dependencia. Temos de prazo ata o 31 de marzo, se hoxe se tivera a ben aprobar este punto aínda estaríamos en prazo.

O Expediente versa como no anterior Pleno de dúas relacións de facturas, conformadas polos Concelleiros. O total das dúas relacións é un importe de 309.865,06€. Trátase de 268 facturas e afectan a 74 empresas.

Como xa se dixo, o Concello esta en disposición de facer o pago de todas as facturas, contase a día de hoxe nas arcas municipais cunha liquidez de 1.200.000€. Representa en torno a un 5,90% do orzamento de gastos é perfectamente asumible.

A figura do REC é unha figura contemplada na lei precisamente para dar cabida as facturas que quedaron sen partida orzamentaria é normal en todas as administracións que certas partidas a final do ano se queden sen crédito e para que as empresas non vaian ao xulgado a esixir ese cobro pola prestación dos seus servizos, esta o REC.

A vía xudicial evitaría custes para o Concello, evitaría os xuros pola demora e cargas administrativas para o Concello e as empresas.

Non queremos demorar máis o pago a estas empresas e non queremos ter ese prexuízo da perda de subvención.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Palabras.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Bos días. Este grupo quere manifestar que se convoca este Pleno porque o Alcalde o que está facendo é tapando a prevaricación que supuxo que no outro Pleno non se votase a retirada da orde do día do punto que estamos debatindo. Convocando este Pleno o Alcalde anula a falta de cumprimento e se pretende lavar as mans. Non lle importan os provedores, é triste escoitar que parece que hai cartos nas contas e os provedores sen pagar. É triste escoitar que o REC está na lei, que é certo, pero alí están os orzamentos, alí tamén está que hai que pagar en 30 días e vostedes non o están a facer. Estanlle pagando un ano longo despois.

Que presumades da xestión económica é triste, o que tiñan que facer e agachar a cabeza e debería darlle vergonza traer ao Pleno recoñecemento de facturas de xaneiro do ano pasado. Nós sabemos que vamos ter sempre recoñecementos e o admitimos, creo que hai moitas actas respecto da nosa posición sobre os REC, houboas sempre, hainas e as haberá para iso o recolle a lei.

Iso non significa que haxa facturas con data de 3 de xaneiro de 2017 e se pretendan pagar en marzo do ano seguinte, esa factura en concreto son de traballos realizados no 2016, estánlle pagando dous anos despois.

Mire, se traen facturas do ano 2015 a un recoñecemento do ano 2018 e do ano 2016, ¿díxolle vostede ou o Alcalde que ían tardar dous ou tres anos en pagar? O alcalde e vostede sabían que non podían pagar, porque non tiñas partidas de inversión no orzamento. Vostedes sabían perfectamente as diferentes partidas para facer fronte a esas facturas. E se había, ¿por que non fixeron a respectiva retención de créditos e transferilas a esas partidas para pagar as facturas? Iso é unha xestión responsable e seria e non botar balóns fora. Mire nós non gobernamos e vostedes si, e non teñen maioría no Pleno, se foran responsables saben das consecuencias que iso ten, e hai que negociar e ser transparente e vostedes son todo o contrario e as probas me remito.

Dixémolo no ano 2016 que se ía repetir, e no ano 2018 está pasando e no futuro volverá pasar.

Mire, con respecto a proposta do noso grupo, onte vostedes convocaron aos provedores neste Salón de Plenos, e nos acudimos a pesar de non ter invitación pero como xa sabemos as súas artimañas e a súa charla-mitin, eu sei que a vostede non lle gustou, porque claro que tivemos argumentos para debater e a algún lle quedou clara as súas maneiras.

Resulta que este grupo solicitou un informe dun técnico que di textualmente, Informe do técnico correspondente sobre as obras as que se refire a factura, e nos entregan un informe e resulta que nolo entregan onte a noite porque viñemos aquí se non nolo entregarían hoxe a mañá. E tal e como xesticulan Verónica e Angela non o teñen.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Perdón un segundiño, nós si que estivemos onte, e antes de onte para ver se había algo máis para o Pleno e dixeron que non.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Entrégase agora neste Pleno. Iso é a transparencia deste goberno da que alardea este Alcalde, de diálogo e de consenso e ao final é todo o contrario e non o digo eu, os feitos, a súa forma de gobernar o demostran.

Como digo a solicitude deste grupo do informe respecto da factura, non corresponde. Este informe non avala a factura, avala os traballos realizados no 2015, este informe se refire unicamente a construción dos muros feitas no ano 2015 nas obras entre Ataúde e o Maior da Picoña. Pero o informe non se refire a reparacións de muros da factura que se presenta a este recoñemento de créditos que se presenta con data 3 de abril de 2017. Polo tanto, o informe técnico non valida a factura e o que é máis grave, o técnico non asina a conformidade desta factura.

O informe non ten ningunha vinculación, porque non se nos informa da factura do ano 2017 xa que este informe se refire os muros de construcións executados no ano 2015 na Picoña nos lugares de Pedra Pinta e Fonte da viña, é así de claro e explícito.

Xa non imos a entrar a valorar outras cuestións do informe, das contradicións que di co que se xustificou no seu momento da obra no ano 2015, as facturas aparecen no ano 2016. Se un se pon a facer números o sobre custe é de máis do 60% do que vostedes xustificaron. Pero xa digo o que nos trae aquí é a factura en concreto. E onte o empresario, o cal lle agradezo que recoñecera diante dos demais provedores que efectivamente a factura se refería aos muros feitos en Picoña no ano 2015 como demostra ademais no informe as fotos feitas aos muros no ano 2015 e non reparacións do ano 2017.

E vostedes o que pretenden é o pago da factura do ano 2017 de reparación de muros e se queden tan panchos, nos la tragamos e a metemos pola porta de atrás, iso é a seriedade, é o rigor con diñeiro público.

Como tildaría o Alcalde se isto fose executado por un goberno ou un alcalde do PP, as súas frases celebres na historia política do noso concello, das súas actitudes iso é como actuaría vostede a diferenza deste grupo, esa é a diferenza Alcalde.

Polo tanto, e para non desviar o importante deste punto e o importante do que este grupo manifesta a través do seu voto. Recoñecemos que a figura do REC e legal, faltaría máis, pero tamén é legal facer a fiscalización que este grupo está a facer, vostedes o que teñen que facer é recoñecer a gran metedura de pata, que esa persoa o recoñeceu onte, facer unha rectificación desa factura cunha factura actualizada e que comprobemos que a factura actualizada conste medicións e construcións, e que iso englobe o que alí está executada. Que concorde todo o que alí se fixo e concorde co orzamento e que quede clariño e que coincida a inversión co xustificado na subvención do Plan marco de camiños rurais a través do

AGADER, que concorde coa factura do ano 2016 e que concorde coa factura de reparación de muros que estamos a falar e iso todo que se modifique a través dunha nova factura, que haxa unha rectificación categórica e que comprobemos que todo iso no seu conxunto sexa veraz, sexa comprobable e nos non temos ningún problema que cando isto se modifique e se comprobe por un técnico, non temos problema de aceptar a modificación porque iso suporía que agora si estaríamos aceptando o pago dunha obra realizada e sobre todo, dunha factura que diga especificamente construcións e non reparacións e se intente meter pola porta de atrás, cando non se están cumprindo requisitos de claridade e transparencia que se dan por feito que debería ter calquera administración pública e de non ser así este grupo non pode dar a conformidade do pago.

O noso posicionamento é o mesmo, o empresario onte recoñeceu e non creo que tivera problema en facer o que estou a dicir, se vostedes se enrocan en seguir na mesma postura non solucionan o problema. A miña sensación é que o empresario estaría disposto a rectificar e vostede saberá mellor ca min porque seguro que falou con él despois.

Téñeno moi fácil, as consecuencias igual non son solo as que vostedes din e hai que tomar medidas sobre esa factura. Ten moi claro e sabe o noso plantexamento. Do erros tamén se aprende.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Verónica.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Bos días a todos e a todas. En primeiro lugar, en relación co informe, isto é unha chapuza máis deste goberno. Primeiro nós non tiñamos este informe, foi rexistrado no día de onte as 15:03 horas. Eu púxenme en contacto con este concello, aínda que non estaba a Secretaria pero falei con quen está alí e díxome que non había máis para o Pleno.

Dito isto, vasmе perdoar compañeiro do PP, eu non estiven na reunión de onte porque teño por norma non ir a onde non me convidan, pero o erro non é do empresario, o erro é do concelleiro de vías e obras que lle da o visto bo a factura. ¿De que estamos falando aquí? A factura viña no REC conformado. Xa a propia Interventora define a factura como inversión e non como reparación, iso xa nos da un pouco da idea de como está feito todo isto.

En canto di o Concelleiro de Facenda da necesidade urxente de que sexa aprobado este REC para que non haxa xuros, etc. Non vou ir a factura de xaneiro de 2017, pero dende abril xa hai facturas neste REC, non entendo o porqué da presa agora, se se tiñan cartos e se fixeran as cousas ben, non estaríamos aquí agora intentado aprobar un REC, isto ten un transfondo maior de se se pago ou non un REC, isto é a mala xestión económica dun goberno. Que non temos orzamentos, que pretendemos gobernar un Concello a base de REC botándolle a porquería a oposición.

Nos pedimos a copia da acta anterior, tamén pedimos un informe de Intervención que modifícase o anterior ou engadindo que nos explicaran cal foi o procedemento polo cal chegaron facturas de inversión a este REC sen ter tido orzamentos aprobados ou a pertinente retención de créditos sen pasar por este Pleno, xa me vou adiantar ao que vai dicir o señor Alcalde, que como so temos dous concelleiros non temos dereito a pedir informes. Entre que a lei lle permite non dárnolos máis que él teña a boa vontade de incorporalos, ista é a transparencia coa que o Alcalde dirixe este goberno.

Non sei que espera o Alcalde que tendo o mesmo punto na orde do día e tendo os mesmos informes, as mesmas cousas, non habéndose reunido con ninguén salvo cos provedores, reunión a cal non fomos convidados, se non mudou nada, espero que non espere que nós mudemos a nosa posición por obra e gracia, da noite para a mañá e cambiemos a postura sen traer nada novo sobre a mesa.

Eu non me vou a repetir no que dixen o outro día, é certo que o do muro é grave, para min sobre todo a conformidade dun concelleiro que ten a responsabilidade de asegurar que as cousas estén ben e non asinar unha factura por 27.000€ como se os veciños e veciñas de Salceda gañasen iso todos os días, e sen entrar niso que é unha das cousas polo que este REC non sería validado, o transfondo e maior. Hai que comezar por facer ben as cousas e traer uns orzamentos.

Non me vou repetir, a postura do PSOE xa a fixemos pública nas redes sociais e no Pleno do venres pasado, vou ler catro puntos do informe de Intervención para que o público tamén lle quede claro o que o Alcalde Marcos Besada di da pinza PP-PSOE, o informe de intervención di: Co fin de evitar que en exercicios seguintes se repita esta mesma situación, sería conveniente que, con carácter previo á adquisición de compromisos de gasto, fose solicitada a correspondente retención ou certificado de dispoñibilidade de crédito para evitar insuficiencias. Deberíase dar cumprimento ao regulado na lei de contratos do sector público no que se esixe proposta previa, así garantiríase a existencia de crédito axeitado e suficiente antes da realización efectiva do gasto, evitando incorrer en nulidade de pleno dereito, feito que non se cumpre nas facturas que se achegan. Advírtese a necesidade de iniciar os procedementos de contratación conforme ao procedemento establecido na normativa de contratos do sector público. O RD Lexislativo 3/2011 que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público. Ademáis, o artigo 23.3 TRLCSP, no relativo a duración dos contratos establece que los contratos menores definidos en el artículo 138.3 no podrán tener una duración superior a un año ni ser objeto de prórroga.

O disposto na normativa reseñada non se está a cumprir e fai referencia a unas 50 facturas. Constatase a existencia de facturas que constitúen as chamadas subvencións encubertas, xa que, como é ben sabido, o Concello non pode pagar gastos derivados da actividade propia e privada, xa sexa habitual ou non, de persoas físicas ou xurídicas.

Así mesmo, a vista das elevadas facturas de reparación con, así mesmo, elevados importes, advírtese que non se está dando cumprimento o establecido na Base da Execución do Orzamento 23.5: Con carácter xeral, para os efectos de comprobación material das inversións, obras, servizos e suministros, o Interventor Municipal delega as súas funcións en un técnico municipal competente por razón da natureza da prestación, exixindo que asine o documento xustificativo (factura, certificación de obra) conxuntamente co Concelleiro de Área do Departamento.

Resultado de la fiscalización: Por todo o exposto, e sen prexuízo da brevidade deste informe e doutras consideracións que se poderían facer e ante a falta de subsanación dos defectos observados, procede fiscalizar desfavorablemente e de reparo, de acordo co artigo 216 b) e c), os gastos incluídos na proposta de 14 de febreiro de 2018. O citado reparo ten carácter suspensivo e deberá ser resolto polo Pleno da Corporación con carácter previo á aprobación dos citados gastos, de acordo co artigo 217 do TRLFL.

Dito isto, o informe é similar ou case igual ao do ano 2016, voume permitir ler outro escrito, este presentado polo grupo socialista do ano 2016, onde este grupo advertiu que isto volvería

a acontecer. Este escrito di o seguinte: A grave situación económica xerada no Concello de Salceda coa aparición dunha importantísima contía de gastos realizados sen partida orzamentaria e sen control de ningún tipo (arredor de 640.000 euros) e as máis das veces, sen contrato, está levando á administración local a unha grave situación económica e ós acredores do Concello a unha situación preocupante. O Grupo Municipal Socialista, consciente da necesidade de dar solución a este problema, e partindo da vontade que como grupo ten de que os provedores cobren as cantidades endebedadas, non pode menos que esixir o necesario cambio de rumbo da deriva económica do Concello de Salceda, para o cal cree necesario un acordo que permita un compromiso para evitar de novo atoparse nesta situación

No ano 2016 presentamos este escrito no recoñecemento que se deu naquel ano, eran 650.000€ e advertíamos que se non tomabamos medidas, atoparíanse os provedores na mesma situación: Co obxectivo de mellorar a xestión económica do Concello de Salceda, e evitar no sucesivo a aparición de gastos extra orzamentarios que logo poidan coartar o normal funcionamento do Concello en exercicios posteriores e levar ós provedores de novo á situación actual, O Grupo Municipal Socialista no Concello de Salceda de Caselas presenta esta MOCIÓN. para a súa aprobación polo Pleno da Corporación solicitando a adopción do seguinte ACORDO, Que se engadan os seguintes compromisos do goberno local ó Recoñecemento Extraxudicial de Crédito 1/2016:

- 1) Compromiso de non contratar sen partida orzamentaria, tendo a retención de crédito como mecanismo de normal funcionamento, de acordo coa lexislación de contratación e xestión económica das administracións públicas, como medida para evitar no futuro a aparición de facturas sen partida.
- 2) Cumprimento da lei de contratos da administración pública, evitando fraccionamentos ou calquer outra fórmula que permita saltarse os procesos de contratación pública.
- 3) Compromiso do equipo de goberno de informar previamente, de calquer contratación de máis de 18.000 euros a través da comisión informativa correspondente, das ofertas recadadas, do expediente e da existencia de crédito e partida orzamentaria para a realización da mesma.
- 4) Compromiso de informar trimestralmente á oposición do grao de execución orzamentaria a través dun informe de intervención, no que de contada execución orzamentaria e da contía de crédito restante así como do volume de gastos e contratos realizados.
- 5) Impulso de medidas de boas prácticas para a xestión económica do concello de Salceda como os contratos anuais de servizos e subministracións baixo criterios de sustentabilidade e economía para facer máis eficiente e económica a xestión municipal.
- 6) Aprobación dun Plan de Disposición de Fondos de Tesourería ou medida equivalente, que de cumprimento ao principio de prelación de pagamentos establecida no artigo 187 da Lei de Facendas Locais de Galicia. É dicir, que se paguen as facturar por orde de entrada, dándolle prioridade ós gastos de persoal e das obrigas contraídas en exercicios anteriores, tal como indica o propio artigo.

Isto rexistrámolo e ninguén se deu por aludido, nin houbo unha xuntanza para ver o que se podía facer, non digo que as medidas se tomen da noite para a maña, pero en dous anos se puido facer. Esa é razón pola que hoxe nos atopamos aquí, cunha cantidade importante que ninguén nomeou aquí, 309.000€ que ademais xa nos informan na comisión informativa que non vai ser o único recoñecemento deste ano, co cal non sei a cantidade que vai vir máis

adiante, supoño que será unha cantidade importante, supomos que no ano 2018 igual nos atopamos cun REC de 400.000€ ou 500.000€ e iso é o transfondo que se discute aquí, non se pagamos ou non pagamos, se os provedores cobran hoxe ou xudicialmente, ou se o muro está ou non está, que tamén é importante.

Aquí estase a discutir a xestión económica do Concello, por anunciar aquí o que imos facer xa está de sobra coñecido por todo o mundo, non mudou nada dende o venres ata hoxe, simplemente pasaron sete días pero con relación ao REC non pasou nada. Nós solicitamos que se aproben e paguen as facturas relacionadas co servizo do fogar para non perder esa subvención e que o resto quede enriba da mesa e se presenten os orzamentos e este concello comece a funcionar ben e non a base de REC. De non ser así nos pediremos a retirada do asunto da orde do día.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Miguel.

**GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS):** Por alusións, levan dicindo que lle din conformidade a unha factura que non sabía o que estaba firmando, viñan a dicir iso, mea culpa. Eu polas áreas que levo son o que máis conformidade de facturas fago, aparte de vías e obras levo alumeadado público, suministro eléctrico, reparación de vehículos de vías e obras, etc... é dicir, firmo moitas cousas e pódennas colar, unha reparación dun taller, meteu un filtro de máis, iso non o vou comprobar, fíome da xente. No de obras é máis difícil que a colen, eu son do ramo, eu antes tiña unha empresa de cantería e algo entendo diso. No referente aos muros de mampostería, aínda que eu non me dediquei a iso en concreto, facía casas e outras obras.

É un problema a medición dos muros de mampostería, e algo no que eu incido sempre, aos técnicos redactores dos proxectos, neste caso a Javier Carballo que é quen asina este informe que acabo de pasar aquí, dígolle eu como teñen que medir cara abaixo porque eles coas rasantes cara arriba sen contar cos muros de mampostería teñen 50cm de profundidade, e logo hai pequenos desfases.

A obra de Ataúde Maior foi no ano 2015, vos como sabedes, entrei aquí como Concelleiro o 1 de setembro do ano 2015, esa obra quen a dirixiu foi o meu antecesor, Fortunato acompañoume cando fixemos a transición, e unha das obras que me ensinou foi esta, viu a inspección de Medio Rural, que era o Sr. Tizón, medimos a obra, e a el saíronlle moitos máis metros dos que había. O construtor tamén mediu a obra e lle saían 400 e algo de metros a maiores do muro de mampostería, e a hora a última medición que temos aquí, fala de 490m, incluso máis por parte de quen redactou o proxecto.

Hai tres medicións, dous de dous enxeñeiros e outra da empresa, a dúbida que tiña o PP, ata onte, e que eses muros non existían. Incluso nas redes sociais colgaron que onde estaban as pedras que non existen. É moi raro que a min me a colen nunha obra, noutras cousas como por exemplo o subministro eléctrico poden colar, aí podo meter a pata, agora nisto, é raro. Por tanto, este exceso na obra Ataúde Maior e que este home facturou en xaneiro de 2017, porque a el lle deu a gana de facturalo aí, nin máis nin menos, facturou todo como reparación de muros e eu comprobando as medicións e comprobando o prezo de mercado, máis ben tirando polo baixo, sae nunha media de 56€/m<sup>2</sup> máis ou menos. Fixo un prezo máis axustado porque tiña alí a maquinaria xa que o prezo normalmente é máis caro e dinlle conformidade. El puxo reparación de muros, algúns serán reparación e outros recrecimentos de muros



existentes, que segundo se executaba se incrementaba máis, tamén había un terreo que se derrubaba e houbo que reforzalo. Aí está non levei esta obra pero comprobeina, é máis, esta empresa, que é VALE S.L. , no inverno de 2015 fíxenlle levantar un asfalto que refundira e fíxenllo reparar e a empresa fixo perfectamente e dinlle conformidade ao traballo que está alí feito.

A partir de aí todas as desculpas que teña o PP, e o PSOE pide a retirada total das facturas, xa é outra fase máis avanzada, o PP puxo esta factura como podía por calquera outra.

¿O resultado disto que vai ser? A que imos ver dentro dun rato, van votar en contra de que se lle paguen as facturas aos provedores, nós temos o compromiso firme de pagarlle a todos os provedores e imos a votar a favor de pagarlle a todos.

Desculpas Alcalde que me estendín.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Estamos no uso da palabra. Jose Luis.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Antes de nada, quixera facer esa aclaración que tanto PP e PSOE fixestes mención, se ides a relación número 2, se vos fixades os rexistros van correlativos, 59, 60, 61, 62 e 63 e as datas de rexistro tamén van correlativas 3/4, 3/4, 3/4, 3/4, 3/1 aí e onde esta o erro, é 3/4. E sigue a correlatividade.

Unha vez aclarado esta dúbida que vos xeraba, dicir que o Período Medio de Pago viuse diminuído, considerablemente reducido, dende o ano 2016, cando trouxemos a Pleno o REC e o PSOE e PP en cinco Plenos non o quixeron aprobar. Iso foi o que disparou o PMP ata os 200 días, precisamente pola demora de case un ano na aprobación desas facturas. Eu creo que iso é o que pretendedes e que non cobren. A día de hoxe si é certo que non estamos nos 30 días pero si andamos en mes e medio dous meses, canto máis tardemos en pagar máis se vai a incrementar ese PMP.

Por outra banda, xa digo, o Concello funciona perfectamente con orzamentos prorrogados, iso non impide que siga funcionando, non impide que se opte a unha subvención de 89.000€, o que si impide non ter a subvención é que non se aprrobe o REC.

Quero tamén facer constar que o PP puña un atranco a este REC, e era que se lle aclarase, que se emitise un informe conforme os muros de Picoña, eu vou ler o informe porque parece que non lle quedou claro ao PP o informe do técnico.

Dou lectura ao informe emitido polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Javier Carballo Núñez (Rexistro de Entrada nº 2018-E-RC-1301, de data 01/03/2018).

**“ENSANCHE Y PAVIMENTACIÓN PISTA MUNICIPAL ATAUDE – O MAIOR, PICOÑA  
(SALCEDA DE CASELAS)”**

D. JAVIER CARBALLO NÚÑEZ, Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos con número de colegiado 16.225, como redactor del proyecto: “ENSANCHE Y PAVIMENTACIÓN PISTA MUNICIPAL ATAUDE – O MAIOR, PICOÑA (SALCEDA DE CASELAS)”

**INFORMA:**

Con fecha de noviembre de 2014 se redacta el proyecto “ENSANCHE Y PAVIMENTACIÓN PISTA MUNICIPAL ATAUDE – O MAIOR, PICOÑA (SALCEDA DE CASELAS)”, por encargo del Concello de Salceda de Caselas, para incluírlo en la subvención del Plan Marco de Medio Rural de 2014.

La obra planteaba realizar ensanches en la citada pista municipal, con la consiguiente ejecución de muros de mampostería para contención de las tierras. Una vez realizada la medición de muros para la redacción del proyecto, se contempló la ejecución de 9 muros de mampostería, con una suma total de 485,50 m<sup>2</sup> de superficie de muro.

El Presupuesto de Ejecución Material de estos muros ascendía a la cantidad de 30.751,57 €, importe al que, una vez añadidos el 19% de Gastos Generales y Beneficio Industrial, y el 21% de IVA, alcanza un Presupuesto total de 44.279,19 €.

Durante el transcurso de la obra fue necesaria la ejecución de una mayor superficie de muros de mampostería, dado que el terreno colindante en ciertos puntos tenía riesgo de derrumbamiento. En algunos casos se aumentó la superficie reflejada en las mediciones del proyecto, y en otros casos fue necesaria la construcción de nuevos muros de contención, en concreto, en 5 zonas que se reflejan en los planos de planta adjuntos a este informe.

La medición total de muros de mampostería, una vez rematadas las obras, alcanzó una superficie total de 978,95 m<sup>2</sup>, prácticamente el doble de lo que estaba estimado en el proyecto original.

A continuación se muestran diversas fotografías tomadas a lo largo de toda la traza de la obra, en la que se observan todos los muros ejecutados para la terminación de las obras en unas condiciones óptimas.

También se adjuntan los planos de planta del proyecto original, incluyendo en los mismos la situación de los nuevos muros de mampostería, y la ubicación de las fotografías tomadas para la realización de este informe.

Lo que se informa a todos los efectos oportunos.

Efectivamente acompaña as fotografías dos muros feitos fora do proxecto, todos eles feitos na obra que se indica na factura e uns planos de situación completamente sinalizados. Si esta era a aclaración que necesitaba o PP e o impedimento era este, non sei con que escusa nos van saír agora, o construtor onte llo dixó persoalmente e se prestou a ir a obra con eles xunto co Alcalde a ir a ver a obra e o PP negouse a ir.

Aquí teño o informe como pedían para votar a favor do REC. Xa explicou o concelleiro de obras o que alí pasou, cando se tratan de obras de ensanche e fácil que saían outras cousas a maiores, moitos dos propios veciños cederon o terreo para o ensanche aproveitando que estaba alí a maquinaria. Aquí esta informado e completamente documentado.

Con respecto ao PSOE dicirille que moi rápido se esquece de que estivo gobernando e que no ano 2015 gobernando con nós eles aprobaron un REC de 334.000€, máis do que traemos hoxe e no ano seguinte, cando estiveron gobernando ata xuño, trouxemos un REC de 640.000€ cando eles tiñan facturas do mes de xuño que tiñan as súas áreas, pero bueno xa sei o que me vai dicir o PSOE, que as súas facturas eran unha mínima parte, claro gobernaron so ata xuño pero no 2014, cando gobernaron todo o ano o REC foi de 334.000€, non me ten cabida as súas explicacións.

A xestión económica nos permite ter o diñeiro para o seu pago inmediato, vimos de dar un resultado orzamentario positivo de máis de 200.000€, o Dereitos Recoñecidos Netos foron inferiores aos nosos ingresos, por iso temos diñeiro para pagar aos provedores.

O que hoxe se aprobe ou non se aprobe vai ser si se paga mañá ou non e se se perde ou non a subvención. Se as dúbidas do PP eran se os traballos estaban feitos ou non, estivo co empresario en cuestión o cal lle explicou e déuselle o informe que pediu. Creo que as escusas se están quedando sen argumentos.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Turno de réplica.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** É triste escoitar con que tranquilidade leu un informe que non avala a factura, non fai mención a factura da que nos falamos, ¿onde esta o informe que avala o pago da factura en Pedra Pinta? Ese informe lle fala dos muros e recoñece os muros feitos en Picoña no ano 2015, vostede di que ese é o informe que avala a factura e nolo quere facer crer.

Podemos estar máis tranquilos porque o concelleiro xa da ordes aos técnico de como tiña que medir os muros. Está claro e escoitaron todos os presentes.

Mire vostede por un lado, di iso e por outro lado asina unha factura de reparación de muros, aquí lla meteron ben, vostede asinou a conformidade a factura de reparación por importe de 27.9000€. Vostede deu a conformidade e como ben di o informe de Intervención, este concelleiro llo leu aos provedores onte a noite, este informe di explicitamente que as facturas teñen que estar asinadas polo concelleiro de área e o técnico. Vostede asina esa factura pero ningún técnico o fai.

Nós insistimos, o informe que nos pedimos se refire a factura do ano 2017. O PP pediu por rexistro un informe técnico sobre as obras que figuran na factura, reparación de muros de contención en lugar de Picoña e o informe que se nos entregou onte a noite porque este grupo decidiu vir a reunión cos provedores non di absolutamente nada da factura a que nos referimos, é máis nós reafirma a nós, esa factura é unha presunta factura falsa que non reflicte o que se fixo na Picoña, fixéronse muros de nova construción e non reparacións de muros e están falseando a realidade e queren pagar esa factura, así de claro e de rotundo. O dí ben o Concelleiro de Facenda cando le o informe e as fotos que ensina son muros de nova construción, e máis imos ensinarlle estas fotos aos veciños da Picoña e botarán as mans a cabeza porque dirán ¿como van dicir que son reparacións cando foron construcións?

O señor empresario viu dicindo que presentou a factura cando me mandan.

**CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS):** Iso non é certo.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Si, él deu a entender que quería cobrar antes.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** So un inciso Santi, ¿onde pon a factura que as reparacións son do ano 2017?

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Nós nos referimos a emisión da factura.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Emisión vale, dime ¿onde pon no concepto da factura que a reparación foi no 2017? Eu so quero que me digas onde pon que foron executados os traballos no 2017. ¿Onde dí que as empresas teñen que facturar no mesmo ano que se executan? ¿Que ten que ver o goberno con calquer empresa que facture máis tarde? O empresario factura cando considera. Gustaríame que contestaras e constara en acta en que parte do concepto da factura pon que se fixeran no ano 2017. Esta é falacia pola que xira o voso argumento. Gracias polo inciso.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Dígame vostede ¿onde se fixeron a reparacións de muros en Picoña, lugar de Pedra Pinta por importe de 27.900€? A cuestión non é o plantexamento

que fan vostedes, a cuestión é que conformaron unha factura de reparación de muros cando non houbo tal, iso é a realidade. Vostede é o representante máximo do concello e vostede xunto cos seus compañeiros de goberno queren pagar unha factura que di reparación de muros que non houbo, esa é a realidade.

Resulta que a certificación asinada polo Alcalde e o técnico da Xunta no ano 2015 di Muro de mampostería de prepiaño gris 904m e resulta que a subvención de 499m. O informe técnico deste ano xa recoñece que nas obras do ano 2015 xa houbo un sobre custe. E ven a recoñecer que estas obras son do ano 2015, ven a recoñecer que a factura é do ano 2015. O problema é que ten que por a realidade, non se pode pagar unha factura de reparación cando é inversión. Non se pode traer a este Pleno un REC dous anos e pico despois e intentar terxiversar a realidade dos feitos.

Se vostedes queren contrastar os metros que alí se construíron é moi fácil, no informe di 499m xustificados e 904m en total. Pero resulta que o informe de onte, imos ver os metros que alí di e pon 978m xa é outra cifra, hai unha diferenza de case 80m de construción. Resulta que xa comezamos a marear a perdiz no sentido dos metros. Xa non cadra nada, e resulta que aparte nas facturas non aparece nada de metros. Non sei como se mide pero o que si debe aparecer claro e non aparece.

O informe de onte non fai referencia a factura que nos pomos en cuestión, en ningún momento menciona dita factura, e máis recoñece que esa obra foi executada no ano 2015, recoñece os metros construídos alí, non fai mención a factura, polo tanto non valida a factura e ningún técnico asina esa factura polo tanto esa factura non ten a conformidade para ser pagada. Nin por suposto aparecen na factura metros alí construídos.

Polo tanto, o que pedimos é moi sinxelo, que se retire esa factura, que se modifique e se recoñeza o que alí se fixo e non hai ningún problema en comprobar que o que poña a nova factura se corresponde coa realidade, entre as facturas presentadas nos anos 2015 e 2016 e o que di o informe de onte, ten que cadrar.

Plantexamento claro de este grupo: Retiren esta factura, aprobemos o resto, modifiquen a factura e comprobemos que sexa así e non haberá ningún problema.

E o que vostede di que se está pondo en risco a axuda no fogar é falso, con respecto da subvención que hai que xustificar antes do 31 de marzo si, temos un mes por diante. É súa responsabilidade traer un REC sen esta factura ou coa rectificación que lle plantexamos.

Polo tanto, teñen un mes para facelo, de non ser así será culpa súa e iso non significa que o servizo de axuda no fogar se perda, porque xa andan a dicir a algunha traballadora que van perder o seu posto de traballo e que van perder o servizo, é mentira porque o servizo no fogar vaise seguir prestando. O claro exemplo é que SOGAMA seguiu traballando a pesar de que vostedes non estaban pagando o canon por verter alí, e cando viu a sentenza pagaron, cumpriron a sentenza e seguiron recollendo.

O servizo no fogar vaise seguir prestando aínda que o concello non pague, outra cousa diferente e que se perda a subvención.

Os grupos da oposición teñen vontade ao respecto e mostraron alternativas, xa o dixen antes

e o repito, non pense vostede que vai saír coa xogada outra vez, dixen onte diante dos empresarios o que pasou no ano 2016 pero este ano non son no REC se non concretamente referido a esta factura.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Turno de réplica , Miguel.

**GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS):** Por alusións, o concepto da factura, agora é o importante. A empresa, tal e como vos dixo onte, fixo uns muros novos e en sitios tivo que derrubar muros existentes, que el facturara iso como reparación de muros ao mellor tiña que por derrubamento de muros existentes e levantamento doutros novos, non o sei, evidentemente os muros que constrúe novos non o fai coas pedras antigas, fainos con mampostería da que se usa agora para darlle uniformidade a toda a obra. Que poña no concepto a min dáme igual, el meteu todo nun paquete e puxo demolición de muros vellos, retirada de cascallos e construción de muros para subxección da terra, que puxera todo como reparación de muros, algúns sabemos que foi ampliación dos muros existentes no proxecto pero non pasa nada, eu miro os metros que hai a maiores, os prezos actuais e como me parece correcto doulle a conformidade.

O Concepto pódese discutir, cada empresario factura como lle da a gana, agora, eu comprobo que é correcto a medición e prezo. Para min esta correcto.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Eu quería aclararlle a intervención de Santiago, non sei se ti tes a certificación da obra a que se refire esta factura, se te vas a certificación de obras o muro de mampostería pon 485,50m, que é o que che está dicindo o informe do enxeñeiro. Na mesma obra contemplábase pavimentación de pista Ataúde Maior a mesma obra que ven coa certificación de 485,50m che esta dicindo que se contemplaban no proxecto, durante a execución da obra foi necesaria unha maior execución da superficie de esa mesma obra. En algún punto fue necesario la creación de nuevos puntos, en concreto 5 zonas que se reflejan en los planos que se adjuntan. La medición total del muro de mampostería una vez terminada la obra alcanzó una superficie de 978m<sup>2</sup> dos 485 iniciais.

Ti réstalle a 978 os 485 e dache máis de 400m<sup>2</sup>, multiplicalo polo prezo unitario de 63€ e che vai a 27.000-30.000€.

Aí esta a xustificación que ti estás dicindo, este informe se refire ao mesmo, obra do camiño de ensanche, calquer veciño che dirá que corresponde a esa obra, o construtor ofreceuse a ensinarcho antes de hoxe e non quixeches.

O concepto que pon reparación, se o problema é ese tamén estás errado, porque a Interventora o recoñece no seu propio informe que é unha factura de inversión. Si polo concepto de reparación é polo que vos vades opor tampouco é motivo, está recoñecido como inversión e a Interventora non repara que sexa inversión, da cabida as inversións.

Che vou a ler unha conversa coa interventora ao respecto que tiven por whatsapp :

El informe de la modificación de crédito que le dió cobertura a las inversiones es favorable por mi parte, di a interventora, prosigue, la modificación de crédito por alcaldía si no estuviera bien lo habría reparado y el informe del REC es igual en ese sentido, es favorable si legalmente no se pudiera hacer, intervención hubiera emitido reparo y no lo hizo. Con

respecto as facturas de inversión que vós vos estades negando a dar cabida, si o problema é que o consideras unha inversión e non unha reparación, a interventora xa cho está dicindo.

Relación nº 2 capitulo 6 rexistro 158 última folla e vaite a ela miras o programa 454 e a económica 609, que é unha partida de inversión, está recoñecida como inversión e a Interventora dálle cabida. É máis, o grupo socialista tiña esta dúbida ao respecto e a interventora lla aclarou por unha chamada de teléfono que fixo o venres pasado e ao luns seguinte, a súa compañeira Ángela foille consultar persoalmente e volveu a confirmar. Creo que está máis que claro.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** En canto ao informe, me gusta a modernidade coa que vimos a este Pleno, cun whatsapp no teléfono móbil.

Agora resulta que o grupo municipal socialista pide un informe e resulta que hai que pedirlle permiso ao Alcalde, contestación deste martes. Hai que pedirlle permiso para que se me entregue un informe sobre o que acaba de ler dunha conversa de whatsapp o concelleiro de facenda.

É verdade, a interventora non está toda a semana, ven aos martes e hai que pedir cita para estar con ela, se nos facilita moitísimo, sobre todo ao grupo socialista. Agora unha mensaxe por whatsapp si, a ver o Pleno é máis serio. Se pedimos un informe sobre o punto da orde do día non se nós pode vir enriba a cachondearse neste pleno cun mensaxe de whatsapp, xa está ben.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** O que acaba de dicir está aquí, neste informe.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Neste informe non di iso, pode haber diferencias de criterio entre interventores, a anterior non permitía isto. E como esta si o permite pedimos un informe máis ampliado para asegurarnos.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Teralo cando o faga, dende martes non viu. Eu tamén o quero. Vai ser moi clarificador, xa cho dixo a ti o outro día e a Angela o martes.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Espero por el. A Angela non lle dixo nada. Ela me dixo que este era o criterio que seguía ela e non estaba de acordo co criterio que seguía intervención ata o momento. Iso foi o que se dixo vía telefónica. O que debe constar é o informe, porque eu teño dúbidas xa que hai un cambio de criterio de interpretación.

Dito isto, antes facíalle unha pregunta ao compañeiro do PP, agora fágolla eu ao Alcalde, ¿por qué motivo a factura ven con reparación e a interventora o recolle como inversión?

Agora que aprendemos todos que os muros de mampostería levan 50cm enterrados, eu creo deberíamos ver se están aí os metros todos enterrados. Non sei, van crescendo ou modificando ¿De quen é a responsabilidade de que hai un proxecto e logo se dobre? Porque eu entendo que nunha obra hai desviacións, que nun concello hai REC, agora hai un proxecto, se duplican eses metros por obra e gracia, e verdade, como dixo o compañeiro de facenda que fan ensanches e demais, van aparecendo cousas; se estamos en ano de eleccións aínda aparecen máis. É curioso.

Estamos falando que se duplicou o que puña o proxecto. O concelleiro de vías e obras válelle

todo, sirve que lle poñan reparación, serve que nos talleres lla colen, coa electricidade tamén pero na dos muros non porque o ten controlado, e firma unha conformidade dunha obra do 2015 na que asegura que el non estaba e el dálle a conformidade. E dubido moito que na reunión de onte, insisto, non viñemos porque non estabamos convidados, pero insisto, moito me estraña que un empresario queira cobrar a dous anos. Non creo que ninguén presente unha factura dous anos despois porque queira.

Di o concelleiro de facenda que funciona sen orzamentos o que non funciona e sen o REC, tamén funcionaría perfectamente con orzamentos e sen ter que traer o REC, sen ter que tirarlle porquería a oposición intentando que se lle aprobe a súa mala xestión, a súa falta de orzamentos, as pertinentes retencións, un plan de traballo. Gobernan a través de ocorrencias, hoxe se me ocorre facer aquela obra e a fago, ¿que non teño orzamento? Da igual fago un REC e que a oposición nolo aprobe. O PSOE non vai permitir que se siga gobernando a base de REC.

En canto o que di o concelleiro de facenda respecto de que o PSOE estivo gobernando con Movemento Salceda ou co BNG, o que si se lle debeu olvidar ao concelleiro de facenda que agora non estamos gobernando e algún motivo haberá.

En canto o REC de 2016, que sempre se lembran del, xa llo dixen o outro día, ese REC era de 640.000€ e deses 640.000€, 24.000€ eran do PSOE. Case que non é nada, e gobernamos medio ano, se multiplicas por dous son 48.000€. As contas claras para que ninguén se perda. E pido que quede en acta que o señor Alcalde me acaba de chamar falsa.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Acabo de dicir é falso.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Como xa dixen ao principio, o fondo de este asunto non é pagar ou non pagar, non é unha factura dun muro ou non, simplificar este asunto é non ser consciente do que estamos a facer neste Pleno.

Vasme desculpar Santiago que non vale con traelo a outro Pleno e aprobalo, o que non debemos facer aquí e facer o que fixo o alcalde fai dous anos, traer 5 veces a Pleno isto porque si, da mesma maneira porque si, sen falar con ningún dos grupos da oposición porque si, porque como dixen no Pleno anterior el dirixe el manda e el ordena, entón porque si, sen traer nada nin mudar nada. A situación do 2016 nos leva a esta, non se mudou nada e volvemos a estar na mesma situación.

O que pido por parte do señor alcalde é un pouco de sentidiño, no bo sentido das palabras, sen ofender, un pouco de sentido en plan que non se poden convocar 5 Plenos sen falar coa oposición nin modificar nada, porque este xa é o segundo, e dende venres ata aquí non sucedeu absolutamente nada. Nin se nos deu o que o noso grupo pedimos, nin se estudou o por qué desta deriva económica de Salceda, nada, non se fixo nada.

Polo tanto, nos seguimos mantendo a nosa posición, non fai falta facer outro Pleno para salvar as subvencións, se pode facer agora mesmo, o Alcalde ten a potestade de modificar o punto da orde do día e polo tanto pode modificar as facturas que van relacionadas coa subvención e salvala. O pode facer neste intre, podería facelo o venres pasado e non o fixo.

Nós seguimos coa nosa postura, se non se modifica e se propón aprobar as facturas



referentes a subvención o PSOE vai pedir a retirada do punto da orde do día. Espero que esta vez non me faga falta levantar a voz para que se vote antes de votar o fondo do asunto que nos trae hoxe aquí.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Eu quería saber, Miguel, cando falabas no prezo que lle puñas sobre 52 metros cadrados ¿que é unha aproximación?

**GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS):** 56€ máis ou menos.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Jose Luís, ti tes a certificación de obra na man, tes 485m<sup>2</sup> nesa reduciuse a partida de canaleta que se pasou a 127m lineais e incrementouse a partida de muros que pasou a 500m<sup>2</sup> que é o que esta facturado nesa factura, 499m<sup>2</sup> de muro. ¿Certo?

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Na certificación do enxeñeiro que di que houbo muros a maiores, e que están certificados 485m<sup>2</sup> e os muros a maiores ascenden a 978m<sup>2</sup> a diferenza non sei é o que che sae.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Non tes toda a información da obra e estás errado, explícoche. Na certificación pon 500m<sup>2</sup>, e ademais na obra en melloras ofertou nas melloras 80m<sup>2</sup> máis, que pasan en total a 580m<sup>2</sup>. Hai dúas medicións da obra, a que pon Jesús Carballo o director da obra en si que di 978m<sup>2</sup>. Hai un técnico da Xunta que di que non hai 978m<sup>2</sup>, que hai 904m<sup>2</sup> pero mesmo así ante estas contradición, pagáronse 580m<sup>2</sup>. Entón as facturas a maiores, que presentou VALE S.L. debería ser pola diferenza, de 580m<sup>2</sup> a 978m<sup>2</sup>, vamos a supor que son 400m<sup>2</sup>, se nós coa información que temos, que se levan facturado 41.000€ de incremento de muros, se 400m<sup>2</sup> 41.000€, a min dáme, lexos de esclarecer case 100€/m<sup>2</sup> de muro, cando vostede me acaba de recoñecer agora mesmo que será 56€/m<sup>2</sup>.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** El concepto da factura non solo son muros.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Realmente esta factura, tal é como está posta podería por 120.000€ en vez de 28.000€, non está nada detallado, non se avalou con albaráns de obra nin con nada. ¿Vostedes cren que nós podemos tragar con isto? Unha factura dous anos despois de estar feita a obra, ten consecuencias fiscais para a empresa, non sei se o saben, o IVA hai que depositalo cando remata a obra, a nivel de imposto de sociedades a nivel de moitas cousas. Esta obra ten menos luces que sombras.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Cando menos recoñecedes que o informe pertence a obra que antes Santiago negaba.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Non, non. O informe si, a factura non. O informe ese non valida a factura.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Xa temos un avance, recoñece que o informe corresponde coa factura. Estaba facendo números o seu compañeiro, entendo que será da mesma obra.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Falso, non é verdade, o informe non fai referencia a factura.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Estamos falando da mesma obra é da mesma factura. O seu compañeiro acaba de falar dos metros de máis que viña no informe e estamos falando da mesma obra e da mesma factura.

**GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Estou dicindo que non encaixa ese importe con esa medición.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Mire, o informe fai referencia e se non denuncie o informe, e fai referencia ao ensanche de pista e pavimentación. A factura fai a mesma referencia, fai referencia a muros de contención en lugar Fonte da Viña.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Ciñámonos a orde do día, que por certo non era o muro, e pagarlle aos provedores polos traballos feitos. Ese é o punto da orde do día.

É importante aclarar a cronoloxía, que se di que aquí non houbo dialogo, negociacións no ano 2016.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Con respecto ao que dixo Verónica, no REC do 2016 fixemos cinco Plenos e cinco Comisións informativas, reunímonos dez veces e a maiores reunímonos cos portavoces do PP e do PSOE. O PP non quixo asistir a esa reunión e o PSOE acudiu e aos cinco minutos ergueuse da mesa. Dialogo temos a experiencia do REC anterior, parece que son vostedes os que non queren diálogo.

E insisto, parece que se esquece moi rápido de que gobernaron aquí, fala do ano 2016 pero o 2015 gobernaron todo o ano. O REC do 2015 que leva facturas do 2014 , o REC de 2015 que é por facturas do ano 2014, que gobernaron todo o ano con nós, ascendeu a 334.000€ en total, e vostedes votaron a favor, e vostedes xeraron parte.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Último turno de réplica.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** O de que a obra se facturase dous anos despois levounos a que o recoñecemento non fora de 640.000 máis 27.000€ do famoso muro, é que seguiríamos subindo.

Houbo cinco Plenos e cinco Comisións informativas e o señor Alcalde pola súa tozudez levou o mesmo punto sen modificar nada as cinco Comisións e aos cinco Plenos, sen ningunha modificación nin nada do que se lle solicitaba.

Repito, no 2016 nós propuxemos unhas medidas para dialogar e para comezar as cousas ben e non tivemos resposta.

Eu xa non digo moito máis, nós pedimos que se voten as facturas ligadas a subvención e de non ser así pediremos que se retire este asunto da orde do día e que o Alcalde non se salte o regulamento do Pleno como fixo o outro día.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Para rematar, respecto a miña intervención, o informe do técnico non fala da factura en cuestión, ese informe recoñece que os muros foron feitos no ano 2015 e as fotos o confirman, polo tanto o informe non convalida esta factura, o concepto da factura non concorda coa realidade, non se fixeron reparacións, fixéronse novos muros.

E logo como dixo o compañeiro Primitivo, logo comezamos a atopar máis incorcondancias,

coas facturas e o xustificado. Si vamos a analizar o fondo da cuestión igual levamos máis sorpresas.

Con respecto do aumento da obra, en esta obra estamos nun 60% máis do proxectado, claro que se fixeron máis de cara as eleccións municipais, e ti sabelo Verónica que estabas no goberno nese momento, o que se fixo en Parderrubias, e imos a ver en outras que están pendentes que seguro van aparecer facturas noutras obras, ao final facemos o amaño de facela a menor prezo pero logo buscamos o amaño noutras cousas. Igual hai sorpresas noutras obras porque no proxecto pon unha cousa e logo vale o dobre ou non se fai o que di o proxecto, e modificamos. Iso é a transparencia e iso é o que vostedes dicían en parte tiñan razón en algunhas cousas e dixérono en algúns Plenos do pasado e agora resulta que vostedes o fan multiplicado por vinte e peor da forma que o están facendo, colocando facturas de inversión como de reparación.

Remato, a exposición e clara, e nós non vimos aquí a darlle oportunidades ao Alcalde, non pretendemos iso, pretendemos clarificación nesta factura e neste concepto, a factura e presuntamente falsa. E o empresario insinuou que non puido meter a factura antes porque non puido, e hai moitas testemuñas.

Alcalde remato, plantexamento deste grupo, non está en risco a axuda no fogar, efectivamente, se non xustifica antes do 31 de marzo se perde a subvención, é a súa responsabilidade, o grupo socialista e este grupo lle deron varias alternativas ao respecto, polo tanto, se perde a subvención a responsabilidade súa por obcecar nunha factura que lle demostramos que presuntamente é falsa. Que se retire esa factura e se aprobe coa nosa abstención o REC, que se modifique esa factura, tanto nos metros como no concepto e iso ten que concordar coa xustificación e coa factura presentada no ano 2017 e 2016 e validada por un técnico. A día de hoxe ningún técnico abalou a factura.

Por suposto, esta recollido no ROF, vostede ten que someter a retirada da orde do día do Pleno.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Creo que nós estamos escapando do asunto, o informe de intervención avala todo o procedemento, é a Interventora a que trae estas facturas. Leo o punto seis do Informe da Interventora: *De todo o exposto dedúcese que a figura do Recoñecemento Extraxudicial de Créditos supón un quebranto do propio concepto de Orzamento, unha ruptura do réxime orzamentario non só como sistema de control de legalidade sino tamén como método de análise e avaliación da xestión económica financeira e da eficacia do gasto no seu obxectivo de alcanzar os fins previstos ó menor coste posible, pero cuxo fundamento hai que atopalo na chamada "Teoría do Enriquecemento Inxusto". Teoría esta última totalmente recoñecida pola Xurisprudencia dos Tribunais a pesar de chocar frontalmente coa natureza ex-tunc dos actos nulos de pleno dereito como o son aqueles polos que se ordenan gastos sen crédito orzamentario ou prescindindo totalmente do Procedemento Legalmente establecido en materia de contratación administrativa. Nulidade de Pleno Dereito que se diferencia da simple anulabilidade en que o primeiro entendese como inexistente de tal xeito que en todo estes supostos en que se prestou o servizo ou se executaron obras sen consignación orzamentaria ou prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido existe unha pugna entre o principio de legalidade, por*

un lado, e o de confianza lexítima e boa fe, polo outro, que debe presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns; estes últimos principios - boa fe e confianza lexítima-, se ben xa se recoñeceran pola xurisdicións contenciosoadministrativa, incorporáronse o Dereito positivo mediante a Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público, cando no seu art. 3.1 e) dispón que: *Deberán respetar en su actuación y relaciones los siguientes principios: (...) e Buena fe, confianza legítima y lealtad institucional. O principio de confianza lexítima determina a salvagarda dos dereitos do administrado que acomodou o seu actuar a como lexítimamente podía supoñerse que ía actuar a Administración. Con arranxo á doutrina xurisprudencial para que conorra a apreciación do enriquecemento inxusto son necesarios os seguintes elementos:*

*Aumento del patrimonio del enriquecido.*

*Correlativo empobrecimiento del actor.*

*Falta de causa que justifique el enriquecimiento.*

*Inexistencia de precepto legal que excluya la aplicación del principio.*

*De todo o sinalado dedúcese que o nome de “recoñecemento extraxudicial de créditos” deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda infrinxindo a norma por non ter consignación orzamentaria ou non ter seguido o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestación de servizos, execución de obras ou entrega dde materiais que efectivamente realizáronse, evitando deste xeito a necesidade de iniciar as accións xudiciais por parte dos contratistas que serían estimadas sobre a base da mencionada teoría do enriquecemento inxusto, e de ahí o nome de recoñecemento extraxudicial en canto que os órganos xudiciais son substituídos en canto á confirmación das devanditas obrigas económicas. Respecto do enriquecemento inxusto da Administración, se propón a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos no que se inclúen documentos xustificativos de gasto de exercicios anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración e o correlativo empobrecemento do contratista. No noso dereito , e a falta dun texto legal que consagre o principio de enriquecemento inxusto, foi a xurisprudencia a que fixo múltiples aplicacións da idea, que pode por elo considerarse como doutrina xurisprudencial.*

*Se se autoriza os gastos propostos, este servizo informa que se compren os requisitos necesarios para a aplicación do principio xurisprudencial dado que se trata de gastos efectivamente realizados e conformados polos departamentos e responsables correspondentes, non habendo aprobado e abonado no seu momento o importe correspondente o que daría lugar a un enriquecemento inxusto da Administración que obtería deste xeito una vantaxe patrimonial sen causa xustificativa.*

*Esta é a clave, prosigo lendo, A maioría das facturas incluídas na relación son o resultado de contratos menores por razón da contía, esixíndose nestes casos a aprobación do gasto e a incorporación da factura, esta última, segundo as bases de execución do Orzamento para o exercicio 2018, debe estar debidamente conformada. Por esta Interventora constátase o cumprimento dos requisitos anteriores.*

*Este é o suposto cambio de criterio que tanto sorprende e como acabas de comprobar e*

confirmado polo compañeiro.

Continuo, o pasado venres 23 de febreiro tivo lugar neste salón de Plenos un Pleno Ordinario no que o equipo de goberno plantexou o REC para poder pagar as facturas de obras e servizos ou suministros pendentes de pago do ano anterior, aos autónomos e autónomas e as empresas.

Despois de demostrar que está motivado que se vote o REC pola parte de Intervención, voume referir agora a motivación, a parte que eu como Alcalde xa fixen no Pleno pasado e volvo expor novamente: O Recoñecemento Extraxudicial de Crédito é unha figura contemplada na Lei que permite ós Concellos dotar de partida presupostaria naquelas onde sexa necesario e así poder pagar o pendente doutros exercicios. A súa explicación e razón de ser está en que coa aprobación do REC se evitaría as empresas e autónomos/as acudir ó xulgado para poder reclamar o pago dos seus servizos, evitando nefastas consecuencias como a xeración de costas xudiciais, xuros de mora ou perda de tempo e traballo administrativo para ambas as partes, Concello e Empresas.

Por outra banda o non pagar os traballos feitos polos provedores/as do Concello, xeraría un enriquecemento inxusto da Administración, Concello, en contra dos intereses dos/as autónomos/as e empresas, causa que coa aprobación no Pleno do REC non ocorrería xa que o pago faríase de maneira inmediata.

O Concello de Salceda de Caselas, dispón a data de hoxe de máis de 1,2 millóns de euros ,adxúntase documentación, de liquidez nas distintas contas bancarias municipais, o que permitirían poder facer o pago inmediato da totalidade das facturas de este REC e que ascende a 309.865,06 euros.

Para maior gravidade no pasado Pleno do venres 23, os partidos da oposición PP, PSOE, ó votar en contra da aprobación do REC,púxeron en serio risco a perda para o Concello dunha subvención por importe de 89.818,30 €, xa que no REC van incluídas 4 facturas que precisan ser pagadas antes do 31 de marzo, para poder xustificar a subvención do Servizo de Axuda no Fogar ante a Xunta de Galicia e que da cobertura a 36 usuarios/as dependentes do noso Concello: estámonos xogando 89.818,30 € de diñeiro público de todas/os veciñas/os co risco de perda de subvención.

Consideramos dende o Goberno Municipal que o intento de retirada do punto da orde do día do Pleno e como aparentemente parece hoxe tamén, é unha falsa coartada dos partidos da oposición PP e PSOE que ten como obxectivo único bloquear a acción de Goberno: un abuso inadmisíbel que non pode ser usado indiscriminadamente, xa que por riba de todo debe estar evitar danos e perxuízos para o Concello, os/as veciños/as e os/as provedores. Do mesmo xeito non se pode discriminar ós/ás provedores/as, deixando a unhas empresas dentro e a outras fora do pago de facturas, xa que todas teñen o mesmo

dereito de cobrar polos traballos que xa están feitos.

Polo tanto, considero motivado no Pleno pasado a non votación da retirada da orde do día e motivarei agora a falta de motivo por parte, neste caso o PSOE que pide a retirada.

Estás obstaculizando a labor e bloqueo da acción de goberno sistemáticamente.

Agora paso a ler o informe xurídico da posible retirada ou non da orde do día, asinado por Carlos Abal e o fago meu,

*“1º.-O art 92.1 do ROF sinala que calquer concelleiro pode solicitar a retirada dun asunto da orde do día, ben para que se incorporen documentos ou informes, ou ben que quede sobre a mesa para o seu tratamento na seguinte sesión, e que tanto nun caso coma no outro, a petición debe ser votada, unha vez rematado o debate, e antes de proceder a votar sobre o fondo do asunto, resultando que si a maioría simple votase a favor da retirada, non haberá lugar a votar a proposta de acordo.*

*2º.- Da lectura do apartado sina lado podería deducirse erróneamente que a petición de retirada dun asunto da orde do día, aínda sen motivación ningunha, conduce inexorablemente á necesidade de que se proceda á votación de tal moción. Sen embargo non é así, por varias razóns:*

*i.- A primeira, porque a moción debe ser necesariamente MOTIVADA, de feito que si falla toda motivación debe entenderse que se trata dunha artimaña consistente na utilización fraudulenta da lexislación por un concelleiro ou grupo de concelleiros que vulnera o dereito fundamental dos demais concelleiros, recoñecido no art 23 da Constitución, a participar nos asuntos públicos, xa que lles impide, sen motivo nin fundamento, pronunciarse sobre un asunto incluído na orde do día.*

*ii.- Por outra banda, porque a consecuencia inexorable da retirada dun asunto da orde do día por quedar sobre a mesa, é o seu tratamento na seguinte sesión que se celebre, polo que se non hai, nin se expresa, ningunha razón para adiar o coñecemento do asunto polo Pleno, o lóxico e razoable é non acceder á petición de adiamento nin sometela a votación.*

*A todo isto se engade que si a retirada do asunto pode conlevar danos e prexuízos para o Concello, o Alcalde ten o deber de non atender tal petición.*

*Cabe sinalar que a xurisprudencia se ten pronunciado a favor da posibilidade de que os Alcaldes deneguen a petición de retirada de asuntos da orde do día, podéndose citar a Sentenza do TSJ de Andalucía (Sevilla) de 15 de junio de 2007.*

Feita a motivación e entendendo que non existen motivos para que se retire o punto da orde do día non a había o venres pasado e non a hai hoxe, e esa decisión a ten que tomar o Alcalde, como recoñece esta sentenza que mencionei e outras.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** O primeiro informe que leu de intervención que di que avala todo, vólvolle repetir, o resultado da fiscalización de intervención que di: Por

*todo o exposto, e sen prexuízo da brevidade deste informe e doutras consideracións que se poderían facer e ante a falta de subsanación dos defectos observados, procede fiscalizar desfavorablemente e de reparo, de acordo co artigo 216 b) e c), os gastos incluídos na proposta de 14 de febreiro de 2018. O citado reparo ten carácter suspensivo e deberá ser resolto polo Pleno da Corporación con carácter previo á aprobación dos citados gastos, de acordo co artigo 217 do TRLFL.*

Vostede leu uns apartados que lle gustaron pero o resultado da fiscalización esta aquí. Eu podo traer aquí o conto de Pinocho pero non me vades a crer.

¿Quen firmou ese famoso informe que nos acaba de ler? Carlos Abal Lourido, asesor xurídico externo do Concello pagado polos veciños e veciñas de Salceda.

O PSOE solicita a retirada do punto da orde do día en base ao artigo 92 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, leo o artigo no 92 no que se basa o PSOE para pedir a retirada do asunto da orde do día: *Cualquier Concejal podrá pedir, durante el debate, la retirada de algún expediente incluido en el orden de día, a efecto de que se incorporen al mismo documentos o informes, que o PSOE solicitou e non se incluíron, y también que el expediente quede sobre la mesa, aplazándose su discusión para la siguiente sesión. En ambos casos, la petición será votada, tras terminar el debate y antes de proceder a la votación sobre el fondo del asunto. Si la mayoría simple votase a favor de la petición no habrá lugar a votar la propuesta de acuerdo. Cuando dicha petición no fuera atendida, el Secretario lo hará constar expresamente en el acta.*

Solicito que a Secretaría se pronuncie ao respecto, e se non que se recolla en acta que solicito en base ao artigo 92 do ROF que se retire da orde do día este punto.

**CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS):** Bos días, non vou a desaproveitar para facer dous matices. Quero que conste en acta, xa que o PP nos acusa de mala xestión, pouca transparencia, imaxinome que vos erguedes coa prensa coma min, e resulta que o pasado luns se celebrou en Salvaterra un Pleno o cal o PP levaba un REC de 2.171.883,23€ o 37% do orzamento, eles son os que falan de transparencia e bo goberno, presentada fora da orde do día e ademáis, sometida a urxencia a ese Pleno. Eles poden ser os que dan exemplo de boa xestión e transparencia.

Por outro lado, advertir a todos os membros do Pleno non so da oposición, nós tamén facemos as nosas propias reflexións, e me gustaría que fixeramos un exercicio de responsabilidade por Salceda e pola reputación de Salceda, creo que debemos ser coñecidos pola Banda, polos nosos deportistas, por moitísimas outras cousas, o que non podemos é ser coñecidos por circos e teatros planificados a este Pleno, incluso gravacións que son cortadas e terxiversadas e que se realizan sen que houbera petición ao Presidente e si a houbo hoxe, creo que temos que facer un exercicio de responsabilidade, hai moitas ferramentas para que fagan oposición, con coherencia e que por favor Salceda non sexa recoñecida por estes teatros.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Me alegro que para unhas cousas se fixen nos demais pero para outras non, eu lle dixen que nós somos responsables do noso voto, cando un irmán

fai un acto para ben ou para mal, non é responsable, cada un na súa responsabilidade é responsable dos seus votos. Estamos nun Pleno municipal do Concello de Salceda de Caselas, a nosa labor e fiscalizar o goberno e plantexar alternativas a unha problemática que creou o goberno, non a oposición, dándolle diferentes posibilidades.

En canto a votación da retirada do punto da orde do día esta ben claro no ROF, pero cando a compañeira se referiu a cuestión final, refírese ao punto 2, polo tanto, o artigo 92.1 se refire a que hai que deixar votar, a motivación terá que ser da persoa que pide a solicitude, non que o Alcalde motive o non o sometemento.

Polo tanto, se vostede non deixa votar a retirada da orde do Pleno terá consecuencias no acordo de impugnación deste Pleno, se vostede non vai deixar votar a retirada, se non retira a factura que nós lle pedimos, este grupo votará en contra.

E se vostede se empecina a semana que ven a volver traer a Pleno este asunto estaremos na mesma. Vostede ten un informe dunha persoa externa pero non ten un informe da funcionaria pública, que pode ser igual ou parecido ou todo o contrario. Cando vostede fala do informe da interventora fala do que lle interesa, pero o importante é o resultado do informe.

Insisto, non é un reparo desfavorable, é un reparo desfavorable con carácter suspensivo.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Pero non é polas razóns que vostedes motivan. Os argumentos por vós presentados están xustificados no informe da interventora, non existe motivación, isto é simple.

Eu leo a parte que a propia interventora xustifica e as do meu compañeiro Jose Luis. Os argumentos utilizados por vós, os rebata a interventora no seu informe.

É a razón polo que fai reparo suspensivo e que pode levantar o Pleno non son esas. Ti estás dicindo unha cousa que é certa e eu estou rebatindo unha cousa que tamén é certa e non é cuestión para non votar, e a interventora como acabo de ler avala os procedementos. Polo reparo, vós non tedes responsabilidades, con abstervos como fixestes en 2016 a asumimos nós.

Quero aclarar unha cousa importante cando fala a lexislación de técnico, refírese a técnico funcionario, se ledes os informes de intervención, pero neste concello non existe un técnico funcionario, nin aparellador, nin arquitecto nin enxeñeiro por iso, os concelleiros nos concellos pequenos en xeral, asumimos esa conformidade e é conforme a lei como di a interventora que quede claro, cando se fala de técnicos e a interventora emite reparos non existe un técnico funcionario, nin aparellador, nin enxereiro nin similar, estamos obrigados ou en quen delega a que conformen, igual que fixestes membros da corporación que estades aquí no Pleno. Ademáis, no caso do PP e do PSOE e polo tanto, non poden alegar que non o saben, nin as graves consecuencias do seu voto.

Eu xa o dixen o outro día, as que non estiveron poden ter a dúbida o descoñecemento pero os que estiveron tanto como concelleiros como asesores, saben o mal que se lle está facendo aos provedores. Non hai un atenuante do descoñecemento neste caso.



Por último, volvo a repetir as sabías palabra do Secretario do PSOE, Pedro Sánchez, falando de dialogo cando fala que diálogo non é chantaxe, influír non é impor e acordar non é bloquear, isto dixo Pedro Sánchez, sabías palabras que fago miñas tamén. E non se pode utilizar a maioría para facer a labor de obstaculizar, de impoñer, de chantaxear e de bloquear, polo tanto, non existe motivación, esta suficientemente explicado, consta en acta e é potestade do Alcalde, en última instancia, independentemente da opinión respetable dos asesores xurídicos do concello, de tomar a decisión, os danos e perxuizos aos provedores e incluso a perda da subvención avalan que non se retire da orde do día e moito menos, por segunda vez. Non hai motivación pola vosa parte, e non se pode utilizar o ROF, nin artimañas nin falsas coartadas que impiden o cumprimento da Lei e da Constitución como acabo de dicir. E vós dende o outro día que pedisteis a retirada da orde do día, vos levantastes e vos sentastes, non fora ser que tiveramos maioría para aprobar o REC, e despois votastes en contra, e dende ese día vós asumides a responsabilidade de que non se paguen as facturas e eu non escapo da miña. A partir do venres pasado e de hoxe se non se aproba asumides a corresponsabilidade.

Que quede claro, e por iso intentades por todos os medios e fixestelo en outras ocasións, coa presentación de votos particulares para a votación do orzamento, para que non se diga que non se negocian, resulta que votastes en contra despois de intentar negociar, ata o desmaio de que non se vote para que non corran os prazos de responsabilidade.

Está suficientemente motivado, e hai xurisprudencia de que un Alcalde é o que ten potestade de non someter a votación a retirada do asunto porque non hai motivación e está avalada por sentencias xudiciais como a que cito na miña motivación.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Temos a responsabilidade do voto, temos a responsabilidade de que a xente co voto nos puxo aquí para controlar a xestión do goberno. Comecei o Pleno dicindo que non se trata de se aprobamos que se pague ou non, temos a responsabilidade de esixir que economicamente se xestione ben o concello e se faga dende a legalidade correctamente.

Di que utilizamos o ROF para artimañas, o Alcalde lle vai dando voltas segundo lle interesa, pero isto é o regulamento.

En canto o que di dos orzamentos no 2016, aprobaron o orzamento a porta pechada en Xunta de Goberno eso é o que negociou.

Nomear unha e outra vez ao Secretario Xeral socialista de España, creo que é que o Alcalde lle falta un cobijo, se non ten a ningún referente no seu partido.

Para rematar, o grupo socialista informa a Secretaria de que se ía a gravar o Pleno xa o venres pasado. Eu teño que informar a Secretaria que se vai gravar, se a Secretaria non lle informou sinto.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Eu teño que avisar na sala de que se está a gravar.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Eu o que fixen hoxe foi informar a Secretaria de que iamos a gravar o pleno. Se tamén se nos vai por a zancadilla para que non se grave o

Pleno para que os veciños non se enteren de que pasa no Pleno municipal, non deixa máis que pensar que o Alcalde ten algo que agochar.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Eu vou permitir que se graven os Plenos como permitín ata agora, outra cousa é que se ten que por en coñecemento da sala, non se pode gravar a terceiras persoas que non participan nunha conversa sen o seu coñecemento. E sabes perfectamente que é así neste Pleno e en calquera espazo público.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Sabemos iso e por iso informamos do mesmo xeito que fixemos o venres pasado.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Non, tes que informar ao Presidente e que este llo diga aos terceiros. Quen ten que dicir que se está gravando o Pleno é o Presidente. Quen ten que sabelo non é a Secretaria, son os presentes.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Si estivera as oito en punto na sesión plenaria o sabería. Non se preocupe que lle pedirei para a próxima vez.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Que curioso que se teñen gravado Plenos dende fai moitos anos.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Nós preguntamos ao Secretario anterior, Carlos, que había que informarlle a el antes de comezar a sesión Plenaria. E así o fixemos estando el e así fixemos cando gravamos dende que está a nova Secretaria. Foi sempre a nosa maneira de actuar.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Unha cousa é que teñades dereito e outra é que teña que ter coñecemento a sala, diferenza de conceptos, tendes o dereito e eu non o vou negar, os terceiros teñen que ter coñecemento.

(Neste intre O Concelleiro González González Miguel de Movemento Salceda fala fora de micrófono polo que non se escoita)

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Quero que quede en acta que o Concelleiro Miguel está a protestar. O que comentaba antes, que quede en acta que pedimos a retirada do asunto da orde do día e o Alcalde se esta a saltar outra vez sometelo a votación.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Someto a votación o acordo que traemos no punto da orde do día.

**VOTACIÓN: O Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, por SETE VOTOS EN CONTRA dos/as sres./as concelleiros/as dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular, e SEIS VOTOS A FAVOR dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda, acorda NON aprobar a proposta de acordo.**

Non habendo máis temas que tratar, ás 11:55 horas, o Señor Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta, que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretaria do Concello, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**